

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A ASOCIACIÓN DE PERSOAS ADICTAS E FAMILIARES ADIANTE PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA "APOIO Á ABSTINENCIA EN PERSOAS ALCÓLICAS E OUTRAS ADICCIÓNS"

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, DECLARA:

- Que o presidente do Servizo Galego de Saúde formalizou o día 30.12.2024 coa ASOCIACIÓN DE PERSOAS ADICTAS E FAMILIARES ADIANTE o instrumento convencional arriba referido, que tivo vixencia desde o día seguinte ao da súa sinatura e ata o día 31.12.2024.

- Que o instrumento convencional ten por obxecto, segundo expresa o texto do convenio, *"establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación de persoas adictas e familiares ADIANTE para o desenvolvemento do programa "Apoio á abstinencia en persoas alcohólicas e outras adiccións" no concello de As Pontes. Este programa ten como obxecto aumentar as habilidades persoais de resistencia ao consumo de substancias adictivas, evitando a recaída mediante a adquisición de competencias para a deshabitación e a obtención de recursos de xestión emocional."*

- Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxectivo referido.

- Que o instrumento convencional asinado fundaméntase, segundo o seu texto, en que:

O plan de trastornos adictivos de Galicia 2011-2016, no seu obxectivo número 5. Mellorar a cobertura asistencial dos trastornos adictivos, sinala a necesidade de facilitar a accesibilidade ao tratamento dos consumidores abusivos de alcohol.

A área sanitaria de Ferrol aglutina un 10% dos casos atendidos de alcoholismo en Galicia a pesares de que a súa poboación soamente supón un 7% da poboación galega, polo que é preciso contar cun maior número de recursos para esta doenza.

A Asociación de persoas adictas e familiares ADIANTE ten como finalidade promover e apoiar os grupos de persoas adictas e os seus familiares e atópase inscrita no Rexistro de Entidades Colaboradoras do Plan de Galicia sobre Drogas creado polo Decreto 74/2002, do 28 de febreiro e conta entre o seus servizos cun programa específico de prevención de recaídas en alcohol no concello de As Pontes que atende persoas de toda a área sanitaria de Ferrol.

Por tal motivo, dado o interese público, social e humanitario das actividades obxecto do convenio que se pretende asinar, e o seu carácter singular inherente á propia existencia da necesidade de apoio os grupos de persoas adictas e as súas familias, non procede a realización de convocatoria pública, de conformidade co previsto nos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.

- Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na "Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, por la que se traspone al ordenamiento jurídico español las Directivas do Parlamento Europeo y del Consejo 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febrero de 2014", ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asino esta memoria, en Santiago de Compostela.

